




# PARGA E A RUXIDA

Adela Leiro, Mon Daporta




**Distancia:** 12 km  
**Dificultade:** baixa  
**Duración:** 4 horas (a pé)



Nas proximidades da Pobra de Parga, Santo Estevo, atópase esta fermosa ferverza que forma o rego da Ruxida ao caer por unha fractura nas rochas graníticas desde uns 10 m de altura (no verán ten moi pouco caudal). A zona está acondicionada como área de lecer e é un bo lugar para pasar unhas horas ou simplemente motivo para unha excursión ou unha camiñada. Uns 500 m antes de chegar á ferverza atópase, á dereita do camiño, unha pedra grande coroadada por unha cruz, a Pena Xiboi, un agocho prehistórico datado entre o 8.000 e o 5.000 a. de C., declarada B.I.C. (Ben de Interese Cultural) pola Xunta de Galicia.



Ferverza da Ruxida e muíño.



## PERCORRIDO:

Desde Parga podémosnos achegar a ferverza facendo unha camiñada (10 km ida e volta) ou en calquera clase de vehículo. Saíndo pola estrada que vai a Becín ata pasar a localidade e, cruzando a ponte que salva a vía do tren, seguimos ata un cruzamento do que sae, de fronte, unha pista de terra que é a que temos que seguir para achegarnos a **Pena Xiboi** e a **ferverza da Ruxida**. A volta faise polo mesmo camiño, pero, en canto chegamos á parte asfaltada, podemos desviarnos pola dereita, e, sen incrementar apenas a distancia do percorrido, variar o itinerario, para cruzar o río Parga preto da súa confluencia co Ladroil, pasar polo lugar de Ferreira e saír no Buguío. Se alí collemos cara á dereita e un pouco máis adiante, cruzando a estrada, á esquerda, atopámonos, nun nada, no alto no que está **igreja** e os restos do **castelo** do século XIV, tamén declarado B.I.C.. Logo só temos que baixar a costa, de bastante pendente, para saír ao pé da **ponte antiga** sobre o **río Parga**, do que dan fe os arcos apuntados, e despois de cruzala rematamos o percorrido. Mesmo ao pé da ponte atópase a **área de lecer da Carballeira** e as instalacións da **feira**. Para concluír o día e completar a visita a todos os elementos destacables da localidade podemos achegarnos a **fonte de augas mineiro-medicinais de Valdovín** situada nas proximidades do río (2 km ida e volta desde o centro da localidade). Coñecida desde antigo, recentemente acondicionada, e utilizada polas súas propiedades curativas para tratar afeccións da pel e problemas do fígado. Podemos achegarnos a Parga desde a estrada nacional VI (2 km desde o Mesón da Cabra) ou desde a autovía do Noroeste (500 m máis).



Pena Xiboi



Caneiro e muíño no Río Parga.



Castelo da Pobra de Parga



Río Parga, ponte e área recreativa da Carballeira



Campo da Feira da Pobra de Parga



Fonte de Valdovín